

TERCEIRO CONGRESO INTERNACIONAL AS IRMANDADES DA FALA

Nacionalismo galego e diáspora (1916-1936)

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
4 e 5 de outubro de 2018



De maneira case simultánea á fundación das Irmandades da Fala na Galicia europea, xurdiron nas principais colectividades galegas de alén mar, nomeadamente na Habana, Bos Aires e Montevideo, mais tamén de xeito puntual en lugares como Antofagasta ou Chaco, grupos de emigrantes que se identificaron cos novos postulados políticos defendidos polas Irmandades. Vencellábanse en parte aos grupos rexionalistas e de apoio á cultura galega que xurdiran con anterioridade, así como ás sociedades mutualistas ou de instrución. Algúns emigrantes arribados a América despois de 1917 serviron tamén de propagandistas e convertéronse en líderes do galeguismo, como o escritor Eduardo Blanco-Amor ou Ramiro Illa Couto; outros líderes galeguistas xurdiron dos ambientes societarios galegos de carimbo agrarista, republicano ou socialista.

Entre 1916/18 e 1936, o galeguismo, nos principais núcleos da emigración americana seguiu unha dinámica autónoma: a un rápido crecemento e devalo en Cuba, contrapúxose a progresiva influencia dos galeguistas de Bos Aires no tecido societario da colectividade inmigrante. Igualmente, a evolución do nacionalismo galego na diáspora estivo condicionada por estímulos ideolóxicos diferentes dos que operaban na Galicia metropolitana, e entrou en interacción cos propios imaxinarios nacionais das sociedades de recepción. Neste senso, o galeguismo na diáspora constituíu unha variante específica dos diversos casos de nacionalismos europeos, dende o alemán, o irlandés ou o italiano no século XIX até o ucraíno, o vasco ou o lituano no século XX, que se reinventaron e se transformaron na diáspora e influíron no desenvolvemento das identidades nacionais dos seus países de orixe.

Imaxes da portada: cabeceira da sección "Idearium Galeguista" da revista *Céltiga* e augaforte "Emigrantes" de Julio Prieto Nespereira, reproducida na portada de *Céltiga*, nº 87, 10 de agosto de 1928.

PROGRAMA

XOVES, 4 DE OUTUBRO

10:00 horas. Inauguración

Apertura

10:30 horas

Os intelectuais do Brasil no século XX: "estrangeirados" e "nativistas"

Sergio Miceli, Universidade de São Paulo, Brasil

11:30 horas. Pausa

12:00 horas

Diferencia, identidade, diferencia, identidades. De los gallegos cotidianos de Buenos Aires a los gallegos imaginarios

Fernando Devoto, Universidad Nacional de San Martín / Universidad Católica Argentina, Bos Aires

13:00 horas

Diásporas americanas e movementos nacionalistas en Europa, 1850-1970

Xosé M. Núñez Seixas, Universidade de Santiago de Compostela / Consello da Cultura Galega

As Irmandades da Fala en América (1916-1936)

16:30 horas

Os ecos das Irmandades da Fala en Cuba

Alfonso Iglesias Amorín, Universidade de Santiago de Compostela, Grupo Hispona

17:30 horas

As Irmandades da Fala na Arxentina

Xosé M. Núñez Seixas, Universidade de Santiago de Compostela / Consello da Cultura Galega

18:30 horas

O galeguismo no Uruguai

Pilar Cagiao Vila, Universidade de Santiago de Compostela

19:30 horas

Debate

VENRES, 5 DE OUTUBRO

Ecós da emigración en Galicia

10:00 horas

Emigrantes e nacionalismo: entre a "desgaleguización" e a identidade

Ramón Villares, Universidade de Santiago de Compostela / Consello da Cultura Galega

11:00 horas

Emigración de retorno e liderado político: Unha achega microsocia

Raúl Soutelo, Universidade de Santiago de Compostela, Grupo Hispona

12:00 horas. Pausa

12:15 horas

A pegada cubana nas Irmandades da Fala

Emilio Xosé Insua, IES A Basella de Vilanova de Arousa

13:15 horas

Os lisboanos e o galeguismo

Carlos Pazos Justo, Universidade do Minho, Galabra-UMinho, Portugal

Lingua e política

16:30 horas

A lingua galega na emigración americana

Henrique Monteagudo, Instituto da Lingua Galega / Universidade de Santiago de Compostela

17:30 horas

Migrazioni e política

Matteo Sanfilippo, Università degli Studi della Tuscia, Viterbo, Italia

18:30 horas

Debate

19:00 horas

Clausura

ORGANIZA

Consello da Cultura Galega

COORDINA

Xosé M. Núñez Seixas

Ramón Villares

LUGAR

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705, Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao Congreso.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

